

---

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE TUI

---



**EMPRETUI**



**EMPRETUI**

**ESTATUTOS**

**INDICE**

**CAPÍTULO I**

**DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

<b>Artigo 1</b>	<b>Denominación e personalidade .....</b>	<b>4</b>
<b>Artigo 2</b>	<b>Duración .....</b>	<b>4</b>
<b>Artigo 3</b>	<b>Domicilio e ámbito .....</b>	<b>5</b>
<b>Artigo 4</b>	<b>Fins e actividades .....</b>	<b>5</b>

**CAPÍTULO II**

**DOS ASOCIADOS**

<b>Artigo 5</b>	<b>Requisitos para ser socio .....</b>	<b>7</b>
<b>Artigo 6</b>	<b>Clases de socios .....</b>	<b>8</b>
<b>Artigo 7</b>	<b>Perda da condición de socio .....</b>	<b>9</b>
<b>Artigo 8</b>	<b>Dereitos dos socios .....</b>	<b>9</b>
<b>Artigo 9</b>	<b>Deberes dos socios .....</b>	<b>10</b>
<b>Artigo 10</b>	<b>Réxime disciplinario .....</b>	<b>11</b>
<b>Artigo 11</b>	<b>Procedemento sancionador .....</b>	<b>13</b>

**CAPÍTULO III**

**DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

<b>Artigo 12</b>	<b>Órganos da asociación .....</b>	<b>14</b>
<b>Artigo 13</b>	<b>A Xunta Directiva .....</b>	<b>14</b>
<b>Artigo 14</b>	<b>A Comisión Xestora .....</b>	<b>15</b>



## EMPRETUI

Artigo 15	Modo de elección do Presidente e da Xunta Directiva .....	16
Artigo 16	Moción de censura .....	18
Artigo 17	Responsabilidades e atribucións do presidente .....	18
Artigo 18	O Vicepresidente .....	19
Artigo 19	O Secretario .....	19
Artigo 20	Tesoureiro .....	19
Artigo 21	Vogais .....	20
Artigo 22	Atribucións da Xunta Directiva .....	20
Artigo 23	Comisións .....	21
Artigo 24	Convocatorias de Xunta Directiva .....	21
Artigo 25	Asemblea Xeral. Convocatorias .....	22
Artigo 26	Constitución e celebración da Asemblea Xeral .....	23
Artigo 27	Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria .....	24
Artigo 28	Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria .....	24

### CAPÍTULO IV

#### RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29	Patrimonio .....	25
Artigo 30	Exercicio económico .....	26
Artigo 31	Recursos económicos .....	26
Artigo 32	Disposición de fondos .....	27

### CAPÍTULO V

#### LIBROS E DOCUMENTACIÓN

Artigo 33	Libros e documentación contable .....	27
-----------	---------------------------------------	----



**EMPRETUI**

<b>Artigo 34</b>	<b>Dereito de acceso os libros e documentación .....</b>	<b>27</b>
------------------	--	-----------

**CAPÍTULO VI**

**DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

<b>Artigo 35</b>	<b>.....</b>	<b>28</b>
------------------	--------------	-----------

**CAPÍTULO VII**

**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E**

**DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

<b>Artigo 36</b>	<b>Modificación de Estatutos .....</b>	<b>29</b>
------------------	--	-----------

<b>Artigo 37</b>	<b>Disolución da Asociación .....</b>	<b>29</b>
------------------	---------------------------------------	-----------

**CAPÍTULO VIII**

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

<b>Disposición transitoria .....</b>	<b>30</b>
--------------------------------------	-----------

**CAPÍTULO IX**

**CLÁUSULAS ADICIONAIS**

<b>Cláusulas .....</b>	<b>30</b>
------------------------	-----------

**CAPÍTULO X**

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

<b>Disposición adicional .....</b>	<b>30</b>
------------------------------------	-----------



**EMPRETUI**

# **ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE TUI (EMPRETUI)**

## **CAPÍTULO I**

### **DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

#### **ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN E PERSONALIDADE**

1.- Coa denominación ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE TUI (EMPRETUI) constitúese unha asociación ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e normas complementarias, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

2.- A asociación rexerese polos ditos Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

3.- A asociación terá personalidade xurídica propia, independentemente dos asociados, de conformidade coa Lexislación vixente, polo que gozará de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigacións nos termos previstos nestes Estatutos e na Lexislación vixente.

#### **ARTIGO 2.- DURACIÓN**

A asociación constitúese por tempo indefinido e só disolverase, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.



**EMPRETUI**

### **ARTIGO 3.- DOMICILIO E ÁMBITO**

1.- O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Tui, na rúa Augusto González Besada nº 9, baixo, C.P. 36700, con correo electrónico info@empretui.com. Elo sen prexuízo de aqueles outros domicilios novos ou delegacións que vaian establecéndose en adiante pola expansión e o desenvolvemento das súas novas actividades e a descentralización correspondente. O cambio de sede Social e dos locais será facultade da Asemblea Xeral.

2.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

### **ARTIGO 4.- FINS E ACTIVIDADES**

1.- Son fins principais da asociación:

a).- Representar, xestionar, defender e promocionar os intereses económicos, profesionais, sociais e culturais dos asociados.

b).- Promover o desenvolvemento industrial e comercial de Tui, no beneficio do interese xeral.

c).- Desenvolvemento o espírito de solidariedade entre as empresas asociadas.

d).- Representar e xestionar os intereses xerais e comúns dos seus asociados ante persoas e entidades públicas ou privadas, e singularmente ante a Administración e o Concello de Tui.

e).- Impulsar a relación e convivencia do comercio local e das empresas de toda índole, facendo chegar a súa voz, opinión e necesidades ante as institucións locais, autonómicas e nacionais que correspondan en cada momento.

f).- Organizar e manter servizos para apoiar e defender as empresas e entidades asociadas.

g).- Establecer unión entre comerciantes e empresarios da zona de Tui.

h).- Fomentar cantas actividades resulten convenientes para a mellor formación empresarial.

i).- Fomentar a conciliación profesional, familiar e laboral, así como a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres.



**EMPRETUI**

l).- Impulsar a conservación e promoción do Camiño de Santiago, como medio de desenvolvemento turístico, así como a difusión da cultura derivada deste, con especial atención o tramo do camiño a seu paso por Tui.

m).- Orientar e desenvolver toda clase de iniciativas que poidan redundar en beneficio dos seus asociados.

n).- Calquera outros fins lícitos que poidan considerarse de interese para os asociados, dentro do espírito que inspira a constitución desta Asociación.

2.- Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

a).- Establecer por si mesma ou en colaboración con outras entidades ou Organismos Públicos, así como co Concello de Tui, servizos de uso común para todos os seus asociados e de asesoramento para estes.

b).- Promoción dos asociados.

c).- Solicitude de subvencións para a Asociación, así como asesoramento e información os asociados de posibles axudas, subvencións, sistemas de financiación convocados ou existentes, así como o asesoramento na hora de tramitar licencias para novos negocios.

d).- Contratación, se fora necesario, de persoas ou empresas, preferiblemente asociadas, que se consideren oportunas, dentro do marco legal vixente, para o desempeño das actividades da Asociación.

e).- Actualizar e manter a web [www.empretui.com](http://www.empretui.com), cunha area privada para os asociados, así como as diferentes redes sociais da asociación que se elaboren para garantir unha maior visibilidade da Asociación o dos asociados, nas que se promocionen, ademais dos asociados, eventos, campañas e ofertas culturais que lles afecten directamente.

f).- Realización de eventos, actividades, excursións e guías turísticas que promocionen os intereses dos asociados e da asociación, así como o turismo, o ocio e a economía da cidade de Tui.

g).- Promover o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes garantindo as mesmas oportunidades e condicións profesionais.

h).- Potenciar a conciliación da vida profesional, persoal e familiar dos asociados

i).- Organización de talleres e cursos .



**EMPRETUI**

- l).- Organización de congresos, conferencias e mesas redondas
  - m).- Elaboración de campañas tipo para épocas sinaladas: nadal, día do pai e da nai, San Valentín, Semana Santa, Halloween, etc.
  - n).- Colaboración co Concello de Tui para supervisar e opinar en todo no que afecte directamente a Asociación e os seus asociados, como a contratación de luces para as diferentes festividades, localización de festas, etc.
  - o).- Constitución de comisións ou grupos de traballo que se consideren oportunos para desenrolar os seus fins ou coordinación con outras asociacións afíns.
  - p).- Promover ou desenrolar calquera acción que, directa ou indirectamente, poda contribuír ó cumprimento dos fins da asociación.
- 2.- Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinarase exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## **CAPITULO II**

### **DOS ASOCIADOS**

#### **ARTIGO 5.- REQUISITOS PARA SER SOCIO**

- 1.- Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que estean de acordo cos fins da mesma, e que ademais sexan empresarios individuais ou persoas xurídicas que desenrolen a súa actividade na zona do municipio de Tui.
- 2.- Para ser integrante da Asociación, precisarse petición escrita por parte do aspirante a socio numerario, remitida por calquera medio, incluso telemático, ó Secretario da Asociación, ou no seu defecto a calquera membro da Xunta Directiva, cumprimentando para elo o cuestionario habilitado para tal efecto. Os acordos de admisión de asociados tomaralos a Xunta Directiva, sempre que se cumpran os requisitos do apartado primeiro deste artigo. A presentación da solicitude de inscrición na Asociación implica a aceptación expresa por parte dos solicitantes dos presentes Estatutos e de cantas decisións ou medidas de xestión ou administración poidan legalmente ser adoptadas pola Asociación.





**EMPRETUI**

3.- A Xunta Directiva poderá denegar o alta na Asociación a calquera solicitante que con anterioridade realizara acción ou mantivera actitudes que prexudicasen gravemente ós intereses que defende a Asociación ou que foran expulsados da mesma, decisión que deberá ser referendada na seguinte Asemblea Xeral previo ser oído o solicitante.

## **ARTIGO 6.- CLASES DE SOCIOS**

1.- Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da Acta Fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo de Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación. Serán propostos pola Xunta Directiva e ratificados pola Asemblea Xeral. Estarán suxeitos ós mesmos deberes na Asociación cos Socios Fundadores e Numerarios. Na Asemblea Xeral terán voz pero no voto.

2.- A Xunta Directiva poderá establecer outras formas de colaborar e adoptar a decisión de que existan diversos tipos de colaboradores na Asociación, con carácter asociado ou non.

3.- Unicamente poderán ser electores e elixibles para os cargos directivos e unicamente terán voz e voto na Asemblea Xeral os socios fundadores e numerarios.

4.- A Asociación levará o adecuado rexistro no que consten os asociados que deberán figurar nun Libro de Rexistro de socios. No caso de que o socio sexa unha persoa xurídica, esta deberá nomear a un representante permanente da mesma, cubrindo para elo un formulario de representación proporcionado pola propia Asociación e que será responsabilidade unicamente do socio a súa actualización cando haxa algunha variación na persoa do representante, para que este poda exercer a correcta representación da persoa xurídica asociada na Asociación.

5.- Quen suceda a outro asociado por adquirir a súa empresa, por actos "*inter vivos*" ou "*mortis causa*", ostentará os mesmos dereitos e obrigas que os seus antecesores, se en eles concorren os requisitos establecidos nos presentes Estatutos e previo proba do título que acredita a subrogación.



**EMPRETUI**

## **ARTIGO 7- PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO**

A condición de socio pérdese:

- a).- Por vontade propia mediante escrito notificado de maneira fidedigna á Xunta Directiva, sen prexuízo do cumprimento das obrigacións que teña pendentes coa Asociación.
- b).- Por falta de pago de 4 cotas, tras ser requirido para o seu pago.
- c).- Por incumprimento dos deberes correspondentes dos socios que figuran nestes Estatutos, dos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva ou pola realización de accións tipificadas coma moi graves nos presentes Estatutos. Para elo deberá adoptarse o acordo pola Asemblea Xeral, a proposta de Xunta Directiva, previa audiencia do interesado.
- d).- Polo falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- e).- Por cese no exercicio da actividade profesional que deu orixe a súa inscrición.
- f).- Por haber cedido a súa empresa por calquera acto “*inter vivos*”.
- g).- Por deixar de desenrolar a súa actividade empresarial no municipio de Tui.

## **ARTIGO 8.- DEREITOS DOS SOCIOS**

1.- Son dereitos de tódolos socios:

- a).- Participar nas actividades da asociación e nos Órganos de Goberno e Representación, exercelo dereito de voto, así como asistir ás Asembleas Xerais, legalmente convocadas, de acordo cos Estatutos.
- b).- Ser informado da composición dos Órganos de Goberno e Representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c).- Participar nas actividades e actos sociais na forma que, en cada caso, dispoña a Xunta Directiva.
- d).- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.



**EMPRETUI**

e).- Facer cantas suxestións estimen oportunas por calquera medio de comunicación ó uso.

f).- Recibir previamente, cumprindo os prazos marcados nestes Estatutos, toda a información previa á celebración de Asembleas Ordinarias ou Extraordinarias.

g).- Impugnalos acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á Lei ou ós Estatutos.

h).- Ter acceso os Estatutos e ter copia dos mesmos.

i).- Examinar os libros de contabilidade, actas, datos estatísticos y demais documentos existentes nos arquivos da Asociación, na forma prevista nestes Estatutos.

l).- Informar e ser informados oportunamente das actuacións da Asociación, así como de cantas xestións se fagan.

m).- Empregar e desfrutar toda clase de servizos específicos que poidan crearse pola Asociación.

2.- Os socios Honorarios non intervirán na Dirección da Asociación nin nos órganos de representación dela, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

3.- Para acceder e examinar calquera documento da Asociación dos contemplados nos apartados h) e i) ou para o exercicio dos dereitos previstos nos apartados b), f) e l), terán que facer petición por escrito fidedigno a Asociación, e esta, nun prazo non superior a 7 días naturais, deberá permitir o acceso ó documento que solicite o socio.

## **ARTIGO 9- DEBERES DOS SOCIOS**

1.- Son obrigas de tódolos socios:

1.- Compartilas finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.

2.- Pagalas cotas que se establezan, nas contías e condicións que se determinen.

3.- Desempeñalos cargos os que foron elixidos.

4.- Acatar e cumprilos acordos validamente adoptados polos Órganos de Goberno e Representación da Asociación.



**EMPRETUI**

5.- Acatalo contido dos estatutos.

6.- Ter unha boa conducta individual e cívica.

7.- Asistir as reunións dos Órganos de representación e de goberno da Asociación e das comisións específicas das que formen parte e de todas aquelas para as que lles convoquen.

8.- Notificar a cesión da empresa que se realice por calquera acto "*inter vivos*" ou "*mortis causa*" a Xunta Directiva, para que esta comprobe se no sucesor concorren os requisitos establecidos nos presentes Estatutos, previa proba do título que acredite a subrogación, para que suceda o anterior socio como asociado.

9.- Axustar as súas actuacións a legalidade, ós presentes Estatutos e ós acordos lexitimamente adoptados pola Asociación.

2.- Quen suceda a outro asociado por adquirir a súa empresa, por actos "*inter vivos*" ou "*mortis causa*", ostentará os mesmos dereitos e obrigas que os seus antecesores, se en eles concorren os requisitos establecidos nos presentes Estatutos e previa proba do título que acredita a subrogación.

#### **ARTIGO 10.- RÉXIME DISCIPLINARIO**

1.- A Xunta Directiva poderá sancionar as infraccións cometidas polos socios que incumpran as súas obrigas. Estas infraccións cualifícanse en leves, graves ou moi graves; e as sancións correspondentes poderán ser dende unha amoestación ata a expulsión.

Os socios sancionados que non estean de acordo coas resolucións adoptadas poderán solicitar un pronunciamento da Asemblea Xeral, que ou ben as confirmará ou ben acordará as resolucións de sobresemento oportunas.

Son faltas moi graves:

- a) Todas aquelas conductas que prexudiquen ou obstaculicen a consecución dos fins da asociación, cando teñan a consideración de moi graves.
- b) O incumprimento ou as conductas contrarias ás disposicións estatutarias e/ou regulamentarias da Asociación, cando se consideren moi graves.
- c) Faltas reiteradas dun membro da Xunta Directiva ós actos sociais ós que fora convocado.
- d) Reiterado incumprimento das obrigas económicas.
- e) A incompetencia, o fraude económico ou a ocultación de datos relevantes.



**EMPRETUI**

- f) Falsificación de firmas, documentos, selos ou análogos relevantes para a realización da Asociación cos seus socios ou con terceiros.
- g) Agredir, ameazar ou insultar gravemente a calquera asociado.
- h) A indución ou complicidade, plenamente probada, a calquera socio na comisión das faltas contempladas coma moi graves.
- i) O quebrantamento de sancións impostas por falta grave ou moi grave.
- j) En xeral, as condutas contrarias ó bo orde social, cando se consideren moi graves.

Son faltas graves:

- a) Dimitir sen causa xustificada a xuízo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral, no seu caso, dos cargos ou funcións para os que fora elixido o socio.
- b) A violación de segredos da Asociación susceptibles de producir claro prexuízo á mesma.
- c) A reiteración na comisión de faltas leves, polas que fora sancionada o socio nos tres anos anteriores.
- d) A indución ou complicidade, plenamente probada, a calquera socio na comisión das faltas contempladas coma graves.
- e) O incumprimento ou as condutas contrarias as disposicións estatutarias e/ou regulamentarias da Asociación, cando se consideren graves.
- f) En xeral, as condutas contrarias ó bo orde social, cando se consideren graves.

Son faltas leves:

- a) Non aceptar os cargos ou funcións para os que fora elixido o socio.
- b) A falta de respecto con outro socio e que así fora considerado pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.
- c) Cantas infraccións se cometan por primeira vez e non estean tipificadas nestes Estatutos.
- d) A falta de pagamento de 2 cotas consecutivas, salvo que exista causa que o xustifique a criterio da Xunta Directiva.
- e) A indución ou complicidade, plenamente probada, a calquera socio na comisión das faltas contempladas coma leves.
- f) O incumprimento ou as condutas contrarias as disposicións estatutarias e/ou regulamentarias da Asociación, cando se consideren leves.
- g) En xeral, as condutas contrarias ó bo orde social, cando se consideren leves.



**EMPRETUI**

2.- As faltas moi graves serán sancionadas con a supresión do dereito a voto, a inhabilitación para desempeñar cargos nos Órganos de Asociación durante catro anos ou ben coa expulsión.

3.- As faltas graves serán sancionadas coa supresión do dereito a voto ou coa inhabilitación para desempeñar cargos nos Órganos da Asociación durante un ano.

4.- As faltas leves serán sancionadas con amoestación verbal ou por escrito.

#### **ARTIGO 11.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

1.- A instrución do procedemento sancionador corresponde a Xunta Directiva, nomeándose a tal efecto por esta os membros da mesma que teñan encomendada dita función.

2.- O órgano instrutor do procedemento disciplinario estará formado por un Presidente e por un Secretario. O presidente ordenará ó Secretario a práctica de aquelas dilixencias previas que estime oportunas ó obxecto de obter a oportuna información sobre a comisión de infracción por parte do asociado. Á vista desta información, a Xunta Directiva poderá mandar archivar as actuacións ou acordar a incoación dun expediente disciplinario.

3.- O asociado ten dereito a ser oído con carácter previo a adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dan lugar a tales medidas, debendo de ser motivado, no seu caso, o acordo que impoña a sanción.

4.- As faltas leves serán sancionadas pola Xunta Directiva, sendo recorribles os acordos desta ante a mesma en primeira instancia no prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte a súa notificación.

5.- As faltas graves serán sancionadas pola Xunta Directiva, sendo recorrible o acordo desta ante a Asemblea Xeral, nun prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte a súa notificación.

6.- As faltas moi graves e o acordo de expulsión sancionaranse pola Xunta Directiva, con audiencia do interesado. O acordo debe tomarse nun prazo de 4 meses dende a incoación do expediente. Contra esta decisión, o socio poderá recorrer ante a Asemblea Xeral, nun prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte a súa notificación.



**EMPRETUI**

7.- Os recursos contra as diferentes decisións da Xunta Directiva haberán de incluírse na orde do día de primeira Asemblea Xeral que se celebre despois de tomarse dito acordo, xa sexa en Ordinaria ou en Extraordinaria. A Asemblea decidirá en votación secreta.

8.- As infraccións prescribirán, si son leves ó mes, se son graves ós seis meses e se son moi graves ós dez meses. Os prazos comezarán a contar a partir da data na que a Xunta Directiva tivese coñecemento da súa comisión e en todo caso o ano de que se cometeran. A prescrición das infraccións interromperase pola incoación do expediente sancionador pero só no caso de que no mesmo recaese resolución e fora notificada no prazo de tres meses dende a súa iniciación para as infraccións leves e graves e no prazo de 4 meses para as infraccións moi graves.

9.- Para calquera tipo de infracción o acordo que acade a Xunta Directiva terá carácter provisional. O asociado poderá formular os recursos anteriormente indicados. No caso de non formular os recursos nos prazos indicados con anterioridade a resolución devirá firme.

### **CAPÍTULO III**

#### **DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

##### **ARTIGO 12.- ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

A dirección e administración da Asociación serán exercidas pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

##### **ARTIGO 13.- A XUNTA DIRECTIVA**

1.- A Xunta Directiva estará formada polo Presidente da Asociación, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e catro vogais, un por cada sector de actividade, que son comercio, industria, servizos e hostalaría.

2.- A Asemblea Xeral será a competente para elixir, e no seu caso ratificar, os cargos da Xunta Directiva. A duración será por un período de 2 anos, e poderá ser obxecto de elección ou reelección.

3.- Son requisitos imprescindibles para tódolos candidatos: ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís, non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente, estar ó corrente de pago e estar asociado con



**EMPRETUI**

anterioridade á data de convocatoria de eleccións, independentemente da disposición específica para o cargo de Presidente.

4.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados sen remuneración algunha, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa Asociación.

5.- Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) A proposta do Presidente co consenso de polo menos 2/3 dos socios reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) Renuncia voluntaria, causando efecto dende o momento da súa presentación.
- e) Por perda da condición de socio.
- f) Moción de censura correctamente aprobada.

6.- De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polos restantes membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por tres persoas, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

7.- De modo extraordinario e limitado no tempo, ata a celebración de eleccións, poderá funcionar unha Comisión Xestora que farase cargo do goberno da Asociación nos supostos de dimisión, falecemento, perda da condición de socio conxunta do presidente e do vicepresidente ou da maioría dos membros da Xunta Directiva. A Comisión Xestora tamén funcionará no caso de que a maioría dos membros da Xunta Directiva se presenten a reelección.

#### **ARTIGO 14.- A COMISIÓN XESTORA**

1.- De forma extraordinaria funcionará a Comisión Xestora, a cal asumirá as funcións da Xunta Directiva de acordo co previsto nos presentes Estatutos, ben pola dimisión, falecemento, perda da condición de socio do presidente e do vicepresidente ou da maioría dos membros da Xunta Directiva, ou ben porque fosen cesados polo acordo da Asemblea Xeral ou se presente a maioría dos membros da Xunta Directiva a reelección.





**EMPRETUI**

2.- A elección dos membros da Xunta Xestora farase en Asemblea Xeral mediante votación secreta, entre os asociados que se atopen presentes á mesma e se propoñan candidatos ou sexan propostos pola maioría dos asociados presentes. A convocatoria da Asemblea para a elección da comisión xestora farase cando o soliciten, a lo menos, o cinco por cento dos asociados ou da forma mais inmediatamente posible dende o día no que se teña o coñecemento da dimisión, falecemento, perda da condición de socio do presidente e vicepresidente ou da maioría dos membros da Xunta Directiva

3.- Estará composta por tres membros que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro e fixará o prazo para a convocatoria de eleccións.

4.- Os membros da comisión xestora non poderán ser candidatos a Asociación nas seguintes eleccións.

#### **ARTIGO 15.- MODO DE ELECCIÓN DO PRESIDENTE E DA XUNTA DIRECTIVA**

1.- Con un mínimo de 30 días naturais de antelación á terminación do período de mandato, a Xunta Directiva saínte procederá ó anuncio da apertura do período electoral.

A apertura do proceso electoral realizarase mediante convocatoria escrita dirixida a todos os membros da Asemblea Xeral, na que se indicará data, hora e lugar sinalados para a elección e prazo de presentación de candidaturas, podendo procederse á presentación de candidaturas hasta 7 días naturais antes da celebración da Asemblea Xeral na que se producirán as eleccións.

Os cargos seguirán desempeñando “en funcións” ata que se produza a nova elección, a no ser que, de acordo co comprendido nos artigos 13.7 e 14, compre nomear unha Comisión Xestora.

2.- Os candidatos a presidente deberán presentar por escrito a súa candidatura, cumprimentando para elo a formulario facilitado pola Asociación, xunto coa súa proposta de Xunta Directiva, ó Secretario da Asociación. Poderán acceder ó cargo de Presidente calquera membro con máis de dous anos como asociado e que siga reunindo os requisitos para ser asociado. So poderán proporse para candidatos os asociados fundadores e numerarios da Asociación.

3.- Unha vez terminado o prazo de presentación de candidaturas, o Secretario vixente estudará as candidaturas presentadas, comprobando que todos e cada un dos candidatos presentados sexan socios da Asociación, están o corrente de pago e reúnan os requisitos requiridos para formar parte da Xunta Directiva, podendo corrixir posibles



**EMPRETUI**

erros advertidos polo Secretario ata 48 horas antes da celebración da Asemblea Xeral. A notificación dos erros deberá ser notificada polo Secretario á candidatura de maneira escrita e razoada antes do prazo das 48 horas antes da celebración da Asemblea Xeral para que a candidatura teña opción de correxilos.

No caso de que a candidatura sexa finalmente rexeitada de forma razoada, unha vez transcorrido o prazo para correxir erros, poderase recorrer ante a Asemblea Xeral que ha de resolver inmediatamente antes de proceder á elección.

4.- Con a debida antelación a celebración da Asemblea Xeral deberá notificarse a todos os socios as diferentes candidaturas presentadas, así como enviarase un censo electoral a cada asociado con dereito a voto, indicando no caso das persoas xurídicas quen é o representante que consta da mesma.

5.- A Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a elección da nova Xunta Directiva terá lugar nun prazo de 30 días naturais dende o anuncio da apertura do período electoral, e deberá ser convocada cun mínimo de 20 días de antelación.

6.- Constitución da Mesa Electoral: a mesa electoral estará formada por un presidente, un secretario e dous interventores, composta polos socios presentes na Asemblea que non sexan candidatos. Poderá estar asesorada polo Secretario saínte, se estes así o desexan.

7.- No caso de que houbera so unha candidatura, esta será proclamada sen proceder a votación, no caso de haber mais candidaturas, con carácter previo as votacións, os candidatos a Presidente poderán defender a súa candidatura ante a Asemblea Xeral, dispendo de un máximo de 15 minutos cada un.

8.- Celebrada a Asemblea Xeral Extraordinaria para a elección da nova Xunta Directiva, e unha vez realizado o recuento de votos, directo e secreto das candidaturas, o candidato que encabece a candidatura que obteña o maior número de votos de entre os presentes e dos votos delegados, será proclamado Presidente da Asociación, por un período de dous anos, xunto coa súa candidatura de Xunta Directiva.

9.- Aqueles asociados que non poidan acudir a Asemblea Xeral poderán ser representados por outro asociado e delegar nel o seu voto. Para efectuar a representación e delegación de votos deberá cumprimentarse un formulario proporcionado ó efecto pola Asociación acompañado do documento de identidade do representado ou da persoa que delega o seu voto noutro asociado, e un mesmo asociado so poderá exercer a representación e ter a delegación de voto máximo de dous asociados.



**EMPRETUI**

#### **ARTIGO 16.- MOCIÓN DE CENSURA**

- 1.- A moción de censura ó presidente e/ou á Xunta Directiva deberá ser solicitada mediante escrito razoado, asinado, como mínimo, por un terzo dos membros asociados.
- 2.- Unha vez presentada deberá convocarse nun prazo máximo de 15 días naturais una Asemblea Xeral urxente para tratala, debatela e aprobala se procede.
- 3.- Para a aprobación da moción de censura requirirase o voto favorable da metade mais un dos membros de pleno dereito da asemblea xeral. No caso de haber socios representados ou que delegaran o seu voto, deberán seguirse as regras contempladas no artigo 15.9.
- 4.- No caso de prosperar a moción de censura deberá procederse na mesma Asemblea a nomear una comisión xestora, a cal deberá convocar eleccións nun prazo non superior a 10 días naturais dende o seu nomeamento.

#### **ARTIGO 17.- RESPONSABILIDADES E ATRIBUCIÓN DO PRESIDENTE**

- 1.- O Presidente da Asociación será elixido pola Asemblea Xeral Extraordinaria, xunto coa Xunta Directiva, na forma contemplada nos presentes Estatutos, e o seu mandato será de dous anos e poderá ser obxecto de reelección.
- 2.- O presidente terá as seguintes responsabilidades e atribución:
  - a) Representar a Asociación ante calquera organismo público ou privado.
  - b) Como máximo responsable da Xunta Directiva deberá velar polo correcto funcionamento da administración e xestión económica.
  - c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.
  - d) Convocar e presidir as sesión que celebre a Xunta Directiva; convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral; dirixir os debates e as intervencións das reunións de unha e de outra, decidindo con voto de calidade na Xunta Directiva e na Asemblea Xeral.
  - e) Ordenar os pagos acordados validamente, firmándoos conxuntamente co Tesoureiro.



**EMPRETUI**

- f) Firmar as actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Tesoureiro ou Secretario.
- g) Resolver en caso de urxencia, e con carácter provisional, os asuntos que sexan da competencia da Xunta Directiva, a quen deberá dar conta na primeira sesión que celebre.
- h) Convocar as reunións dos órganos Colexiados de goberno.
- i) Calquera outra que lle fora atribuída especificamente pola Asemblea Xeral.

#### **ARTIGO 18.- O VICEPRESIDENTE**

Será o substituto do Presidente a todos os efectos e durante o tempo necesario ata que remate o seu mandato, cando o Presidente, ben por enfermidade ou por ausencia ou por motivos xustificadas, estivese imposibilitado ou ausente para exercer as súas funcións. Terá as mesmas atribucións que o presidente.

#### **ARTIGO 19.- SECRETARIO**

O Secretario terá as seguintes funcións:

- a) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso de socios e levar o ficheiro e Libro de Rexistro dos asociados, coa anotación das inscrición e baixas dos mesmos.
- b) Notificar as convocatorias e as actas, elaborar e custodiar as actas, e expedir certificacións de estas co visto e prace do Presidente, tanto das sesións da Xunta Directiva coma das Asembleas Xerais.
- c) Levar o inventario dos bens da Asociación, nun libro establecido para este efecto.
- d) Dirixir os traballos administrativos da Asociación e despachar a correspondencia de acordo co Presidente.
- e) Velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións, custodiando a documentación oficial da entidade, e facendo que se cursen os órganos da Administración competentes as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos inscricións nos Rexistros oficiais correspondentes.

#### **ARTIGO 20.- TESOUREIRO**



**EMPRETUI**

O Tesoureiro terá as seguintes funcións:

- a) Recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento das ordes de pago aprobadas polo Presidente ou a Xunta Directiva.
- b) Levará a contabilidade da Asociación, de tal maneira que permita obter a imaxe fiel da situación financeira da entidade, mantendo informada a Xunta Directiva e ó seu Presidente do estado das mesmas.
- c) Formalizará o Balance e as Contas de Resultados do exercicio anterior, e o presuposto anual de ingresos e de gastos do seguinte, que someterase a Asemblea Xeral Ordinaria para a súa aprobación, previa presentación e aprobación pola Xunta Directiva. As contas do exercicio poranse a disposición dos socios a lo menos con 30 días antes da celebración da Asemblea Xeral, incluíndoas na convocatoria.
- d) Asinar conxuntamente co Presidente (ou no caso de ausencia deste co membro da Xunta Directiva autorizado para elo) os pagos ordenados validamente polo Presidente.

#### **ARTIGO 21.- VOGAIS**

Os vogais desempeñarán as funcións que lles confira a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral relacionadas co sector de actividade que representen e as que nazan das delegacións e comisións de traballo que lles encargue a propia Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.

#### **ARTIGO 22.- ATRIBUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA**

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Levar a xestión administrativa e económica da Asociación, e convocará e fixará a data da Asemblea Xeral e propoñerá á Asemblea Xeral a fixación do importe das cotas ordinarias e no seu caso, extraordinarias.
- d) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así como do estado de contas do ano anterior.
- e) Convocar as reunións ordinarias e extraordinarias da Asemblea, establecendo o oportuno orde do día.



**EMPRETUI**

- f) Designar as comisións de traballo ou seccións que estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación.
- g) Ditar, contando coa aprobación da Asemblea Xeral, as normas de réxime interno de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas a Asemblea Xeral.
- h) Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
- i) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
- j) Decidir, contando coa aprobación da Asemblea Xeral, sobre actuacións xudiciais ou extraxudiciais en defensa dos fins estatuarios e facultar, no seu caso, ó Presidente na Asemblea Xeral.
- l) Acordar as medidas oportunas para a maior operatividade e axilidade da Asociación en aras ó cumprimento dos seus Estatutos.
- m) Aquelas que non estean atribuídas expresamente a outro órgano da Asociación.
- n) En caso de extrema urxencia, adoptar decisións sobre asuntos cuxa competencia corresponda á Asemblea Xeral, dando conta diso ante a mesma, a cal convocarase en reunión extraordinaria dentro dun prazo de cinco días.
- o) Propoñer o plan de actividades da Asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

### **ARTIGO 23.- COMISIÓNS**

Os membros da Xunta Directiva presidirán e coordinarán as Comisións que a Asemblea Xeral acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte de ditas Comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos coordinadores.

Terán o contido, as funcións e a composición que especificamente se acordara na Asemblea na que se crearon, debendo actuar conforme ó establecido nas mesmas.

### **ARTIGO 24.- CONVOCATORIAS DA XUNTA DIRECTIVA**

1.- A Xunta Directiva será convocada polo Presidente, a iniciativa propia ou pola petición dun terzo dos seus compoñentes, debéndose realizar polo menos catro Xuntas Directivas ordinarias anuais.



**EMPRETUI**

2.- As convocatorias da Xunta Directiva realizaranse con un mínimo de 10 días de antelación, podendo empregarse os medios informáticos (por exemplo correo electrónico) oportunos para a súa convocatoria.

3.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando concorran a ela de forma presencial ou virtual a maioría dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes presentes ou representados. No caso de empate, o Presidente terá o voto de calidade.

Para exercer a representación estarase o contemplado no artigo 15.9 dos presentes estatutos. Deberá delegarse neste caso a representación e/ou o voto a outro membro da Xunta Directiva.

4.- O Secretario, levantará acta das sesións, que será asinado xunto co Presidente e se transcribirá ó Libro de Actas.

5.- Se permitirá ir adaptando as decisións da Xunta Directiva ás novas tecnoloxías de comunicación para un mellor cumprimento das funcións encomendadas polos Estatutos. Así, a Xunta Directiva, previa convocatoria do Presidente, queda facultada para promover, discutir e, no seu caso, adoptar decisións puntuais en Xuntas Virtuais polas vías que o permiten as novas tecnoloxías, a saber: correo electrónico, listas de correo electrónico, videoconferencias o calquera outra técnica que no futuro permita unha maior axilidade, efectividade e/ou prontitude. Do resultado das votacións nestas Xuntas Virtuais dará fe o Secretario.

6.- As Xuntas poderán ser gravadas por soportes de gravación e reprodución de audio e/ou de son. Cando isto se vaia a producir, deberá indicarse, na convocatoria, que se procederá a gravación do desenrolo da Xunta.

#### **ARTIGO 25.- ASEMBLEA XERAL. CONVOCATORIAS**

1.- A Asemblea Xeral, integrada polos socios, é o órgano supremo de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes desta. O Presidente e o Secretario da Xunta Directiva serán tamén o Presidente e o Secretario das Asembleas Xerais.

2.- A Asemblea Xeral poderá ser Ordinaria e Extraordinaria.

3.- A Asemblea Xeral Ordinaria convocarase obrigatoriamente como mínimo unha vez o ano no primeiro semestre do ano, e con carácter Extraordinario cantas veces o acorde a



**EMPRETUI**

Xunta Directiva, a petición do Presidente ou cando o soliciten a Xunta Directiva o 10% dos socios con dereito a voto nun escrito dirixido ó Presidente, coas sinaturas dos solicitantes e no que expoñan o motivo da convocatoria e da orde do día. Dito modelo de escrito deberá ser facilitado pola propia Asociación.

4.- En calquera caso, tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria, por vontade da Xunta Directiva como pola solicitude do 10% dos socios, convocaranse polo Presidente con a lo menos 15 días naturais de antelación, anunciándoo na páxina web da Asociación, no foro de socios, por correo electrónico ou ben no domicilio dos socios mediante escrito individual a aqueles socios que manifesten a non disposición de unha dirección de correo electrónica.

5.- En dita convocatoria, figurará a Orde do Día, o día, lugar e hora da reunión. No caso da Asemblea Xeral Ordinaria incluírase tamén o Balance de Contas do exercicio anterior e a Acta de Asemblea Xeral Ordinaria anterior.

Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar, a lo menos, trinta minutos.

6.- As Asembleas Xerais poderán ser gravadas por soportes de gravación e reprodución de audio e/ou de son. Cando isto se vaia a producir, deberá indicarse na convocatoria que se procederá a gravación do desenvolvemento da Asemblea.

## **ARTIGO 26. CONSTITUCIÓN E CELEBRACIÓN DA ASEMBLEA XERAL**

1.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran, presentes e representados, a metade mais un dos asociados con dereito a voto na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto, pero en toda caso coa presenza do Presidente e do Secretario.

2.- Para poder participar con voz e con voto na Asemblea é imprescindible estar ó corrente de pago. No caso de non poder asistir poderase delegar o voto noutro asociado de acordo co estipulado no artigo 15.9 dos presentes estatutos.

3.- As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario a lectura da acta da Asemblea anterior, para a súa aprobación, no seu caso. Posteriormente o Secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda, procedéndose o debate e a aprobación, no seu caso, dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia da que se trate.





**EMPRETUI**

4.- Os acordos das Asembleas Xerais adoptaranse polo principio maioritario. En caso de empate, O Presidente terá a voto de calidade. Non obstante, será necesario en todo caso o voto favorable das dúas terceiras partes dos asociados presentes ou representados, para adoptar acordos en Asemblea Xeral Extraordinaria sobre a disposición ou alleamentos de bens, solicitude da declaración de utilidade pública, imposición de cotas ou derramas extraordinarias, modificacións dos Estatutos, aprobación ou modificación das normas de réxime interno, disolución da Asociación e remuneración dos membros do órgano de representación.

5.- Das reunións que celebre a Asemblea Xeral levantarase a correspondente Acta, consignando necesariamente lugar, data e hora da celebración, asuntos tratados e acordos adoptados.

6.- As actas firmaranse polo Presidente e o Secretario da Asociación.

7.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso ós non asistentes.

8.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos, ou infrinxan os fins da asociación, poderán ser recorridos ante a Asemblea Xeral, sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria.

#### **ARTIGO 27.- COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**

1.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a).- Aprobación, no seu caso, das Actas da Asemblea Xeral anterior.
- b).- Aprobación, no seu caso, do Balance e a Conta de Resultados do exercicio anterior.
- c).- Aprobación, no seu caso, do Presuposto Anual de ingresos e de gastos.
- d).- Aprobación, no seu caso, do plan de actividades proposto pola Xunta Directiva.
- e).- Exame e aprobación das contas.

2.- As competencias enunciadas non limitan as que corresponden a Xunta Directiva, que son todas aquelas que non sexan taxativamente conferidas a Asemblea Xeral.

#### **ARTIGO 28.- COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**



**EMPRETUI**

1.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Elixir e cesar ós integrantes da Xunta Directiva
- b) Modificar os Estatutos da Asociación
- c) Resolver as mocións de censura
- d) Designar a Comisión Xestora
- e) Aprobar a federación con outras asociacións
- f) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- g) Acordar a disolución da Asociación
- h) Designar os liquidadores
- i) Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación
- l) Ratificar a expulsión de socios a proposta da Xunta Directiva
- m) Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación
- n) As que sendo de competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns da urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- o) Todas aquelas competencias que non foran conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

2.- As competencias enunciadas non limitan as que correspondan á Xunta Directiva, que son todas as que non estean taxativamente conferidas á Asemblea Xeral.

## **CAPÍTULO IV**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **ARTIGO 29.- PATRIMONIO**

A Asociación carece de patrimonio e fondo social ó constituírse.



**EMPRETUI**

As responsabilidades da Asociación polas débedas sociais, a todos os efectos e, especialmente nas súas relacións con terceiros, queda expresamente limitada ós seus bens, sen que respondan da mesmas persoalmente os seus membros.

### **ARTIGO 30.- EXERCICIO ECONÓMICO**

1.- A Asociación funcionará en réxime de exercicio anual, con partidas diferenciadas de ingresos e de gastos, e o seu peche coincidirá co do ano natural.

2.- Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que formalizaranse nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados durante un prazo non inferior a 30 días naturais ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas e censuralas.

3.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias, que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da Asociación.

4.- O presuposto anual elaborárase polo Tesoureiro, que o deberá ter preparado co fin de que poida presentalo para ser aprobado, no seu caso, pola Asemblea Xeral Ordinaria.

### **ARTIGO 31.- RECURSOS ECONÓMICOS**

1.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

a) As cotas periódicas dos asociados.

b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.

c) As doazóns, axudas ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.

d) Os ingresos que poidan recibir polo desenrolo das actividades da Asociación.

e) Calquera outro ingreso ou recurso lícito admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

d) Herdanzas e legados que sexan aceptados e que puideran recibir de forma legal por parte das asociados ou terceiras persoas.



**EMPRETUI**

f) Bens mobles e inmobles.

2.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos obtidos pola Asociación.

### **ARTIGO 32.- DISPOSICIÓN DE FONDOS**

Para a disposición de fondos das contas ca Asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do Presidente e do Tesoureiro.

A Xunta Directiva procederá a autorizar a sinatura dos membros da Xunta Directiva que estime procedentes, para o caso de que algún dos anteriores se encontrara ausente ou se produza a necesidade de dispoñer de fondos, sendo preciso en calquera caso que unha das sinaturas sexa a do Presidente ou a do Tesoureiro.

## **CAPÍTULO V**

### **LIBROS E DOCUMENTACIÓN**

#### **ARTIGO 33.- LIBROS E DOCUMENTACIÓN CONTABLE**

1.- A Asociación dispoñerá dun Libro de rexistro de Socios e de aqueles Libros de Contabilidade que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así coma dun Libro Inventario dos bens da Asociación.

2.- Contarase tamén cun Libro de actas, un para as reunións da Asemblea Xeral e outro para as da Xunta Directiva. Nas actas deberá constar, a lo menos:

- a) Todos os acordos adoptados con expresión dos datos relativos á convocatoria e a constitución do órgano, así como a orde do día.
- b) As intervencións das que se solicitara constancia.
- c) Os acordos adoptados
- d) Os resultados das votacións.

#### **ARTIGO 34.- DEREITO DE ACCESO OS LIBROS E DOCUMENTACIÓN.**



**EMPRETUI**

A Xunta Directiva, encargada da custodia e xestión dos libros, deberá ter a disposición dos socios os libros e documentación da entidade, facilitando o acceso por parte dos mesmos.

A tal efecto, unha vez recibida á solicitude polo Presidente, poñerase a disposición do asociado no prazo máximo de 7 días naturais.

## **CAPÍTULO VI**

### **DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

#### **ARTIGO 35**

1.- A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos.

2.- Os presentes Estatutos serán desenrolados e cumpridos mediante os acordos que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

3.- O desenrolo do regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado en eles. En todo o caso, o funcionamento interno da Asociación estará sometido o regulamento de réxime interno, ós presentes Estatutos e ó ordenamento xurisdiccional civil.

O regulamento de réxime interno deberá ser aprobado por Asemblea Xeral pola maioría de 2/3 dos asociados.

4.- De acordo con estes Estatutos corresponde a Xunta Directiva, dando conta sempre a Asemblea Xeral, establecer e validar a adaptación das novas tecnoloxías (Internet, correo electrónico, etc.) para un mellor e mais áxil funcionamento da Asociación no que se refire a operatividade de contas bancarias, convocatorios, comunicacións, etc.

## **CAPÍTULO VII**

### **MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**



**EMPRETUI**

### **ARTIGO 36.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

Os presentes Estatutos so poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptando polas 2/3 partes dos asociados, presentes e representados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas; ou no seu defecto deberán difundirse ós asociados antes da Asemblea Xeral Extraordinaria, cun mínimo de antelación de 15 días naturais á data da reunión que, a tal efecto, convócase; designando o lugar público na páxina web da Asociación onde poidan consultarse libremente as modificacións estatutarias pretendidas.

### **ARTIGO 37.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

1.- A Asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

2.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados liquidadores, que xunto co Presidente e o Secretario, procederán a efectuar a liquidación de bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

3.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra ou outras asociacións non lucrativas, preferentemente que teñan iguais ou similares fins que os desta asociación. O xustificante da doazón presentarse no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder a inscrición da disolución da Asociación. A Asemblea Xeral será a competente para fixar a que asociación ou asociacións se doará o haber resultante.

4.- A Asociación, ademais, poderá disolverse polos seguintes motivos:

- Por sentenza xudicial
- Por disposición legal ou da autoridade competente
- Por a imposibilidade absoluta de cumprir os seus fins
- Por fusión ou absorción con outra Asociación.



**EMPRETUI**

## **CAPÍTULO VIII**

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Os presentes Estatutos entrarán en vigor dende o momento da súa aprobación pola Asemblea Xeral Constituínte.

## **CAPÍTULO IX**

### **CLAUSULAS ADICIONAIS**

1.- Tanto a “Asociación de Empresarios de Tui (EMPRETUI)”, como todos os seus asociados, dende o momento no que subscriben o seu ingreso na entidade adhírense ós Estatutos.

2.- Para a resolución de aquelas cuestións que impliquen as intervencións de Órganos Xurisdicionais establececese a submisión expresa ós Tribunais de Tui, con renuncia a calquera outro foro.

## **CAPÍTULO X**

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

En Tui, a 13 de maio de 2019.